3º ESO

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Profe Paula de Felipe

COMO IMOS PROCEDER?

- Traballaremos co libro (3ºESO. Bioloxía e Xeoloxía. Proxecto Construíndo mundos. Obradoiro Santillana). É obrigatorio traelo cada día a clase.
- Necesitamos unha libreta para a materia de Bioloxía e Xeoloxía (vale tamén arquivador). Será avaliable o contido e forma da libreta.
- É unha falta importante non traer ningún destes materiais e se penalizará con negativos que baixarán a nota de participación na clase. Se un alumna ou alumno esquece o material 3 veces se informará ás familias por ABALAR.
- Traballaremos colgando material na aula virtual, porén todas as alumnas e alumnos teñen que ter o usuario e contrasinal en funcionamento.
- Se tedes calquer problema e non podedes acceder, avisades na clase á titora ou titor e senón contactades coa profe na seguinte dirección de correo:

apdefelipe@edu.xunta.gal



QUE IMOS APRENDER ESTE CURSO?



3ºESO

1ra Avaliación

Índice do Libro

01 O CORPO HUMANO

02 A SAÚDE E O SISTEMA INMUNITARIO

03 A ALIMENTACIÓN

04 A CIRCULACIÓN E A DIXESTIÓN



3ºESO

Índice do Libro

05 A RESPIRACIÓN E A EXCRECIÓN

06 OS ÓRGANOS DOS SENTIDOS E O APARELLO LOCOMOTOR

07 O SISTEMA NERVIOSO E ENDÓCRINO

2ra Avaliación

08 A FUNCIÓN DE REPRODUCIÓN

09 OS VOLCÁNS E OS TERREMOTOS

3ra Avaliación



AVALIACIÓN

- Ó finalizar cada tema se fará unha proba escrita. A media das probas escritas contarán un 80% na nota da avaliación. IMPORTANTE!!! As faltas de ortografía restan ata un máximo de 0.5 puntos nas probas escritas! OLLO! A nota mínima de media para aprobar a avaliación é un 5.
- Se algunha alumna ou alumno copia nun exame, se lle retirará e se lle dará outra copia e terá o tempo que lle quede da hora para finalizar dita proba. En caso de ser ó final da clase, fará un exame novo na seguinte sesión da materia. En todo caso será motivo de parte e mensaxe por ABALAR ás familias.
- A libreta, o traballo feito na clase, as prácticas de laboratorio e as exposicións e traballos grupais serán os que completen o 20% que falta da nota da avaliación.



AVALIACIÓN- RECUPERACIÓNS

- Só se fará exame de recuperación cando algún alumno/a suspenda a avaliación. A recuperación da 1ª Av. será en Xaneiro (a da 2ª e da 3ª as datas están por determinar). Nestas recuperacións os estudantes terán oportunidade de reentregar as tarefas que teñan pendente de corrixir nunha data concreta.
- Quen teña en xuño a materia enteira (ou parte) suspensa irá a un exame final de todo o temario en Xuño, que se valorará co 100% da nota.



EXEMPLO_DE_NOTAS_DE_EXAME_E_AVALIACIÓN

ALUMNO 2:

- Proba 1: 5
- Proba 2: 5
- Proba 3: 4
- Proba 4: 4
- Nota media libreta, participación na clase e prácticas: 5=20%--> 1
  - NOTA 1º AVALIACIÓN: 4.5 nos exames = 80% --> 3.6
  - NOTA FINAL:3.6+1= 4.6= 4 SUSPENSO

ALUMNO 2:

- Proba 1: 5
- Proba 2: 6
- Proba 3: 5
- Proba 4: 4
- Nota media libreta, participación na clase e prácticas: 5=20%--> 1
  - NOTA 1º AVALIACIÓN: 5 nos exames = 80% --> 4+ 1 da libreta...
  - NOTA FINAL: 5 APROBADO

Como redondeamos as notas?

- Sempre redondeamos a partir do APROBADO, e do decimal .5
  - Ex: 5.5 = 6
  - Ex: 6.4 = 6
  - Ex 7.7 = 8
  - Ex. 7.49 = 7
  - Ex. 9.5 = 10

COMO SE VALORA A LIBRETA?

- A libreta de clase vale 1 punto sobre a nota da avaliación.
- A profe revisará as libretas unha vez por semana aproximadamente. NON HABERÁ AVISO! TEDES QUE TER A LIBRETA SEMPRE LISTA!
- A libreta ten que ter PORTADA DA MATERIA e tamén haberá que facer unha PORTADA, máis pequena se queredes, por CADA TEMA que deamos, indicando sempre a que avaliación pertencen.
- SEMPRE COPIAREMOS O QUE A PROFE ESCRIBA NO ENCERADO E TAMÉN OS ENUNCIADOS DOS EXERCICIOS.
- NON SE ACEPTAN ABREVIATURAS NIN NA LIBRETA NIN NO EXAME. ISTO BAIXARÁ PUNTOS!
- Facer debuxos que axuden a comprender a materia será valorado positivamente.
- Na libreta a profe vai valorar:
  - PRESENTACIÓN: que non teña tachóns, buratos ou estea sucia, arrugada...
  - ORTOGRAFÍA: as faltas descontan puntos.
  - ORDE: hai que poñer a data na parte superior dereita da folla e apuntar o que se dea na clase.
  - EXERCICIOS E CONTIDOS (resumos, esquemas...): se faltan exercicios ou se algo está incompleto se penalizará.

Rúbrica LIBRETAS	Excelente 4	Moi ben 3	Regular 2	Incompleta 1
Presentación 25%	Impecable	Moi boa	Regular. Non moi limpa	Sucia ou sen estilo. Follas soltas e maltratadas.
Ortografía 25%	Sen erros	Moi poucos erros	Bastantes erros e tachaduras	Moitos erros e tachaduras
Orde 25%	Excelente	Moi bo	Regular, faltan cousas	Desordeada, sen criterio nas datas e con partes mal encadeadas
Exercicios/Contidos 25%	Completos e resposta correcta	Bastante completos	Faltan exercicios ou están resoltos de xeito vago	Incompleta en canto a número de exercicios e resolución dos mesmos

É responsabilidade do alumnado revisar a rúbrica e intentar mellorar cando se lle indique.

É importante non esquecer:

- Poñer a data ó inicio de cada lección.
- Facer un resumo do explicado na clase (1-2 liñas).
- Escribir os enunciados dos exercicios a resolver.
- Facer boa letra e non cometer faltas ortográficas.

COMPORTAMENTO NA CLASE

Para que o clima da aula sexa o mellor posible e evitemos os berros e as faltas de comportamento, seguiremos a dinámica dos STRIKES.

SITUACIÓN INICIAL

STRIKE 1

Se tras 2 chamadas de atención segue o mal comportamento: -0.25

STRIKE 2

Se tras outras 2 chamadas de atención segue o mal comportamento: -0.5



STRIKE 3. OUT!

Se tras outras 2 chamadas de atención segue o mal comportamento: -1 punto e ABALAR á casa informando á familia.

En cada caso, se na seguinte sesión o comportamento é bo, recuperarase un nivel dos puntos perdidos. Se non hai empeoramento nin melloras, mantense o strike.

Algunha dúbida?

